



CONCELLO DE CAMARIÑAS  
A CORUÑA



## *Axudas económicas, a través da Tarxeta Benvida, para as familias que no ano 2018 teñan unha filla/o, adopten ou estean en situación de garda con fins adoptivos dunha nena/o nacida/o no 2018.*

A *Consellería de Política Social* convoca axudas económicas, a través da *tarxeta benvida*, para as familias que no ano 2018 teñan unha/un filla/o, adopten ou estean en situación de garda con fins adoptivos dunha nena ou neno nados en 2018.

**Finalidade:** Conceder unha axuda económica para as familias que teñan fillas ou fillos, tanto por natureza como por adopción, nados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2018. Tamén se poderán beneficiar as/os galegas/os e os seus descendentes, que tendo residido fóra de España, retornen a Galicia durante o ano 2018.

### Requisitos:

- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que a renda da unidade familiar non supere os **45.000 €**. No suposto de que está contía fose superior, a renda per cápita non deberá superar os 13.500 €.
- Que a renda da unidade familiar non supere os **22.000 €**, para ter dereito á ampliación desta axuda.
- Ter un teléfono móbil (para os efectos de activar a tarxeta benvida).
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións.

**Contía da axuda:** **1200 €/ano** (100 €/mes) durante o primeiro ano de vida da/o filla/o. Para aquelas familias que a súa renda sexa igual ou inferior aos 22.000 €, esta axuda ampliarase no segundo ano de vida e ata que o neno cumpra os 3 anos nas seguintes contías: **600 €/ano** (50 €/mes) se a filla/o é a primeira/o; **1200 €/ano** (100 €/mes) se a filla/o é a segunda/o; **2400 €/ano** (200 €/mes) se é a terceira ou sucesivos.

### Documentación:

- A solicitude (Anexo I) e o Anexo II.
- A copia do libro ou libros de familia da unidade familiar.
- A copia da resolución xudicial que declare a adopción ou a garda con fins adoptivos, de ser o caso.
- A copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio ou da resolución xudicial que estableza as medidas paterno-filiais dos fillos/as ou do convenio regulador, de ser o caso.
- O **Volante** de empadramento colectivo de toda a unidade familiar. (**é gratuíto**).
- Xustificantes ingresos percibidos no estranxeiro no período impositivo computable, se é o caso.
- No caso de persoas galegas retornadas ou descendentes, os documentos que o acrediten.

**Prazo e lugar de solicitude:** o prazo de presentación da solicitude será de **dous meses contados desde o día seguinte a aquel en que se produce o nacemento**, a solicitude achegarase por medios electrónicos a través do formulario normalizado (código do procedemento BS403B) desde a sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, ou en soporte papel. Para máis información nos servizos sociais de atención primaria do Concello de Camariñas, telef.: 981-73 70 04.

Camariñas, 10 de xaneiro de 2018  
A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade,  
Sandra Insua Rial